

O movemento obreiro

(Sexenio Democrático e Restauración)

*Tema 27 (Bloque 3. Economía e
sociedade – Século XIX)*

2º Bach. - IES Mendiño - 2024/2025

Prof. Xael Díaz Alonso





Os primeiros movimentos sociais

Os primeiros movementos sociais

- ★ Ata o último terzo do século XIX, só **movementos espontáneos** de carácter local ou rexional.
- ★ As **primeiras asociacións obreiras** xurdiron en **Cataluña** (especialmente en Barcelona), onde había máis obreiros. Tamén en Bilbao, Asturias e enclaves mineiros (Riotinto, Linares ou La Unión).



Os primeiros movementos sociais

- ★
- ★ As primeiras accións de loita obreira tiveron un **carácter ludita**.
- ★ O ludismo xurdiu en Inglaterra a comezos do século XIX, que consistía na destrución das novas máquinas (os luditas consideraban que estas destruían o emprego e empobrecían aos artesans).





Os primeiros movementos sociais

- ★ En España, os **sucesos de Alcoy** (na provincia de Alacante) foron o primeiro episodio de loita obreira. Alí destruíronse moitos telares mecánicos onde se traballaba a lá.
- ★ Destacan tamén a destrución da **fábrica Bonaplata** de Barcelona (1835), a **primeira folga** da historia de España en 1855 ou a das **cigarreiras da Coruña** en 1857.



Os primeiros movimentos sociais




Os primeiros movimentos sociais



Os primeiros movementos sociais

- ★ No mundo rural, o malestar social provocaba o **motín ou algarada** (xornaleiros famentos asaltaban fornos ou ocupaban terras).
- ★ No mundo urbano tamén eran habituais os “**motíns do pan**” cando este se encarecía. Destacou a sublevación de Loja en 1861.





A xénese do movementos obreiro

A xénese do movemento obreiro

- ★ Desde 1840 houbo **asociacións de obreiros** no téxtil catalán, pero ata 1868 houbo, sobre todo, accións espontáneas e pouco organizadas.
- ★ Desde 1868 xurdiu un verdadeiro movemento obreiro organizado pola influencia da **I Internacional**, sobre todo con influencia anarquista.



A xénese do movemento obreiro

- ★ En 1883 creouse a **Comisión de Reformas Sociais** para analizar os problemas dos traballadores (pouca hixiene e seguridade, enfermidades profesionais, deficiente alimentación).
- ★ As **condicións de traballo** eran moi duras. Houbo **reformas** como a festa do 1º de maio (1902), o descanso dominical (1904) ou a xornada de oito horas (1919).



A xénese do movemento obreiro





Ideologías proletarias


Primeiros apoios políticos

- ★ Os partidos progresista e demócrata apoiaron, en liñas xerais, as demandas obreiras durante décadas.
- ★ A tendencia máis identificada coas demandas foi o **republicanismo**.
- ★ Tras o Sexenio Democrático, os obreiros desencantáronse coa política tradicional, entendida como instrumento da burguesía.




Ideoloxías obreiras

- ★ O movemento obreiro español baseouse sobre todo en dúas ideoloxías, o **marxismo** e o **anarquismo**.
- ★ Sen embargo, a primeira ideoloxía social foi o coñecido como **socialismo utópico** (aínda que non tivo moitos exemplos en España), que defende o seguinte:




Ideoloxías obreiras

- ★ Comunidades autosuficientes pequenas con propiedade colectiva.
- ★ Economía destinada a satisfacer as necesidades de cada comunidade.
- ★ Estado benefactor, só como protector das experiencias colectivistas.
- ★ Táctica política pacífica.
- ★ Organización social igualitaria.




Marxismo

- ★ O **marxismo** foi a máis destacada das teorías socialistas. Debe o seu nome a **Karl Marx**, que foi o que o desenvolveu, xunto con **F. Engels**.
- ★ Esta teoría afirmaba a existencia dunha loita de clases entre a burguesía e o proletariado, debendo esta última levar a cabo unha revolución para destruír o capitalismo. Caracterízase por:




Marxismo

- ★ O Estado será propietario de todos os medios de produción.
- ★ Estado ditatorial previo á instauración definitiva da sociedade comunista; a chamada “ditadura do proletariado”.
- ★ Economía centralizada a nivel do Estado e colectivizada.




Marxismo

- ★ Creación de partidos e sindicatos obreiros co obxectivo de conquistar o poder do Estado.
- ★ Instauración dunha sociedade sen división en clases, cun individuo anulado en favor da colectividade.




Anarquismo

- ★ O **anarquismo** opoñíase ao Estado, aspirando a substituílo por unha asociación voluntaria de persoas. Tamén rexeitaban a política, os partidos políticos e a participación nas eleccións.
- ★ Os pensadores anarquistas máis destacados no século XIX foron os rusos **Bakunin** e Kropotkin e o francés Proudhon.




Anarquismo

- ★ A propiedade dos medios de produción debía ser colectiva.
- ★ Economía colectiva, na que cada unha das comunidades debía ter plena autonomía na súa autoxestión.




Anarquismo

- ★ Defensa da destrución inmediata do Estado e de todas as institucións sociais por medio dunha revolución violenta.
- ★ Instauración dunha sociedade sen clases, na que cada individuo debe gozar de plena liberdade.



Anarquismo

- ★ Coexistían tres **tendencias**:
 - ★ **Corrente anarcosindicalista**: centrada na instrucción e na liberdade de asociación, con tácticas organizativas da loita obreira.
 - ★ **Anarquismo “puro” ou corrente revolucionaria insurreccional**: propaganda polos feitos (terrorismo).
 - ★ **Anarco-comunista ou comunismo libertario**: partidaria da propiedade social e dos froitos do traballo.



Ideoloxías obreiras

- ★ As primeiras ideas obreiristas achegáranse ao **mutualismo** e ao **corporativismo**.
- ★ O movemento obreiro español inclinouse desde 1868 cara ao anarquismo pola influencia da I **Internacional** ou **Aosciación Internacional de Traballadores (AIT)**, de 1864.




Ideoloxías obreiras

- ★ En 1868 **Giuseppe Fanelli** e outros anarquistas visitaron España e formaron os primeiros núcleos da AIT. O **anarquismo** prendeu máis ca o marxismo.
- ★ No **primeiro congreso obreiro español** (Barcelona, 1870) se constituiu a **Federación Rexional Española (FRE)** da AIT, con tendencia bakuninista. Pronto apareceu o **anarcosindicalismo**.



Ideoloxías obreiras






Organizacións obreiras na Restauración


Organizacións obreiras na Restauración

- ★ Na Restauración comezaron a desenvolverse **organizacións obreiras socialistas**.
- ★ En 1872 **Paul Lafargue**, xenro de Karl Marx, formou un grupo de tipógrafos en Madrid, estando á cabeza **Pablo Iglesias**.
- ★ Este núcleo foi xerme da creación, en 1879, do **Partido Socialista Obrero Español (PSOE)**.



Organizacións obreiras na Restauración

- ★ A liberdade sindical debida á **Lei de Asociacións** de 1887 permitiu a creación da socialista **Unión General de Trabajadores (UGT)** en 1888.
- ★ Metas dos socialistas eran a transformación revolucionaria da sociedade, a conquista do poder polos traballadores e a socialización da propiedade. Cunha difusión lenta, destacou en Madrid, Biscaia, Asturias...



Organizacións obreiras na Restauración

- ★ Maior difusión acadaron as **ideas anarquistas** na Restauración. Había varias correntes, e dúas grandes áreas de expansión, como eran Cataluña e Andalucía.
- ★ A explosión xa no século XX, grazas á prensa e os libros ou aos ateneos libertarios. Cristalizará na creación, en 1910, da **Confederación Nacional del Trabajo (CNT)**.



Evolución da afiliación obreira

- ★ As organizacións socialistas e anarquistas foron precedidas pola **Federación das Tres Clases de Vapor**, no sector téxtil catalán.
- ★ No século XIX había un **baixo nivel de afiliación**, aumentando moito desde 1900. As organizacións que acadaron máis militantes foron as anarquistas (a CNT chegou a ter en 1919 case 750.000 afiliados).





0 sindicalismo católico

O sindicalismo católico

- ★ Houbo tamén un sindicalismo católico, baseado na “**doutrina social da Igrexa**”, formulada na encíclica *Rerum Novarum* (1891) de León XIII.
- ★ Aceptaba a desigualdade social, pero pretendía solucionar os problemas obreiros mediante o paternalismo.
- ★ O padre Vicent foi o principal impulsor duns sindicatos con finalidade relixiosa, instrutiva, económica e recreativa.





**Ánimo co
estudo!**